

cavatina

a revista da
asociación galega
da lírica
e do teatro
de ópera e zarzuela

Auditorio de Galicia
**Eva Mei, recital de
lied alemán e canción italiana**

Real Filharmonía de Galicia
Andreas Lemper e *Os sete pecados capitais* de Kurt Weill

OSG: Bicentenario Berlioz
Véronique Gens e *as Nuits d'été*

Entrevista
Gabriel Garrido: "Na súa xenialidade, Cavalli explota a teatralidade do recitativo elevándoo á súa máxima expresión"

cavatina

nº15 / xaneiro-decembro 2002

Edita

ASOCIACIÓN GALEGA DA LÍRICA TERESA BERGANZA

RÚA DA RAÍÑA, 4 - 2º

15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

TEL. E FAX: 981 58 16 52

galegalirica@ya.com

A Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a promoción en Galicia da afección á arte lírica e demais manifestacións musicais.

Director

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

Director adxunto

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

Xefe de redacción

BEATRIZ PADÍN ROMERO

Consello de redacción

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

JAVIER GARCÍA CASTELO

RODOLFO PORTO VARELA

Publicidade e relacións externas

BEATRIZ PADÍN ROMERO

Asesoramento lingüístico

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

DO CONCELLO DE SANTIAGO

Deseño e maquetación

BEATRIZ PADÍN ROMERO

Imprime

COGRAF

Colaboran neste número

TERESA ADRÁN VALCARPE

DANIEL ÁLVAREZ VÁZQUEZ

ARTURO BARRAL

JOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ

JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ

RAMÓN GARCÍA BALADO

JAVIER GARCÍA CASTELO

ENRIQUE PAZ ESCUDERO

JESÚS JULIÁN PÉREZ

MIGUEL VIU PEREIRA

As opinións dos artigos firmados son exclusivas dos seus autores e non constitúen opinión oficial da revista. O consello de redacción respecta a liberdade de expresión dos seus colaboradores

D.L.

C-1476-98



Subvencionado por:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística



DEPUTACIÓN DE CORUÑA

ÍNDICE

- ACTUALIDADE** 5 **SANTIAGO** – EVA MEI: RECITAL DE LIED ALEMÁN E CANCIÓN ITALIANA
UTE LEMPER E OS SETE PECADOS CAPITAIS DE KURT WEILL
- 6 **A CORUÑA** – VÉRONIQUE GENS E AS NUITS D'ÉTÉ NO ANO BERLIOZ
SERENATA PARA TENOR, TROMPA E CORDAS DE BRITTEN
- 7 **FUNDACIÓN BARRIÉ**: VOCES FEMININAS SOBRE BRANCO E NEGRO
- 8 **VIGO / PONTEVEDRA** – O VIOLÍN DE ZIMMERMAN E O PIANO DE ZACHARIAS EN DÚO
- 9 **FEITO EN GALICIA** – GRAVACIÓNS EN VIVO DA OSG NO SEU 10º ANIVERSARIO
- A VOZ HUMANA** 10 UTE LEMPER: SEDUCTORA E POLIFACÉTICA CANTANTE DE CABARET
11 EVA MEI: A EXCELENCIA DOS MEDIOS VOCAIS E A INTELIXENCIA PARA UTILIZALOS
- ASOCIACIÓN** 12 V CICLO DE NOVOS INTÉRPRETES
- ENTREVISTA** 14 GABRIEL GARRIDO: "NA SÚA XENIALIDADE, CAVALLI EXPLOTA A TEATRALIDADE DO RECITATIVO ELEVÁNDOO Á SÚA MÁXIMA EXPRESIÓN"
- O SÉCULO XX** 16 KURT WEILL E OS SETE PECADOS CAPITAIS
- COMPOSITORES ESPAÑOIS** 17 VICTORIA: O MISTICISMO DA SINCERA RELIXIOSIDADE DUN CRENTE
- BICENTENARIO BERLIOZ** 18 HECTOR BERLIOZ, AMPLIANDO HORIZONTES
- TEATROS DO MUNDO** 19 ROYAL OPERA HOUSE COVENT GARDEN, LONDRES
- NA ESCENA CON...** 20 ÁNGELES GULÍN: A FORZA DO... TALENTO E DO TRABALLO
- PARA ESCOITAR, PARA LER** 22
- AXENDA** 25
- BUTACA RESERVADA A...** 26 MARIOLA CANTARERO

PORTADA: Eva Mei

OCORREU HAI...

150 ANOS

ESTREAS DE IL TROVATORE

Teatro Apollo (Roma)
19 de xaneiro de 1853

LA TRAVIATA

La Fenice (Venecia)
6 de marzo de 1853

Óperas de
Giuseppe Verdi
(1813-1901)

Hai dous anos conmemoramos o centenario do falecemento de Giuseppe Verdi (Busseto, 1813 – Milán, 1901), o compositor italiano de ópera máis famoso de todos os tempos. Se algúns dos seus títulos perduran na memoria de todos os afecciona-

dos á lírica, eses son os que conforman a coñecida como triloxía de obras mestras dos inicios da década dos cincuenta. Estreada *Rigoletto* na Fenice veneciana en 1851, nos primeiros meses de 1853 –hai agora cento cincuenta anos– un Verdi que xa gozaba dunha fama sen fronteiras completaría este momento máxico de creatividade musical e de madurez na creación psicolóxica dos seus personaxes con *Il trovatore* (Teatro Apollo de Roma, 19 de xaneiro de 1953) e, sobre todo, con *La traviata* (Teatro La Fenice de Venecia, 6 de marzo de 1853).



Ángeles Gulín

A forza do... talento e do traballo

JULIÁN JESÚS PÉREZ

Era unha mañá de reis cando, aínda neno, meu pai me espertou cos primeiros compases da zarzuela *Los gavi-lanes*. Era o meu agasallo. Vin a portada do disco e alí estaba o nome de Ángeles Gulín, a soprano que cantaba o papel de Adriana. A miña primeira referencia da figura que hoxe nos ocupa ía deixar fonda pegada no meu oído, especialmente nos seus dúos con Antonio Blancas (Juan na gravación) e María Orán (Rosaura). Aínda hoxe camiñan polas miñas meixelas unhas pequenas gotas ó escoitar a expresividade e bo facer de Ángeles Gulín naquela emotiva versión da zarzuela de Guerrero.

Anos máis tarde, xa na miña adolescencia, tiven a oportunidade de escoltala en directo nas representacións de

Madama Butterfly (1980) e *Macbeth* (1981) programadas pola Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, entidade que formou a afección de moitos operófilos e á que tanto lle debemos, pero que agora parece non interesar. Dous papeis operísticos ben diferentes, pero decisivos na miña apreciación persoal da nosa soprano: a delicadeza e expresividade da Cio-Cio-San pucciniana fronte á forza dramática dunha Lady Macbeth encarnada coa mestría dunha señora do *bel canto* que paseara o seu nome xunto ó de Galicia polos teatros máis importantes de Europa e América. Transcribo algunhas frases da prensa local coruñesa con motivo daquelas representacións:

"Triunfadora da noite foi Ángeles Gulín que, se sempre convenceu pola calidade e

potencia da súa voz, parece, agora que a súa categoría foi recoñecida en todas as partes, máis segura de si mesma, máis dominadora da escena... provocou unha verdadeira ovación con multitude de voces de ¡bravo!, que volveron soar entusias-tas..." (Ramón Patiño en *La Voz de Galicia*, 8 de novembro de 1980).

"Ángeles Gulín destacou pola extensión e volume de voz, de brillantes agudos, encandando perfectamente a Lady Macbeth, dende o punto de vista vocal, de grande importancia neste papel..." (M^a José Pérez Rivera en *El Ideal Gallego*, 8 de novembro de 1981).

E nunha entrevista concedida a *El Ideal Gallego*, referíndose a un teatro español onde días máis tarde cantaría *Butterfly*, afirmaba: "Non hai un teatro en óptimas condicións e vimos actuando case sen ensaios, pero queremos ir a calquera teatro onde sexa factible promover a ópera" (5 de novembro de 1980). Toda unha lección de profesionalidade e humildade que cómpre subliñar nos albores do século XXI, se cadra considerando que Ángeles Gulín cantou sempre nos mellores teatros e nas mellores condicións de traballo. Era a súa unha escintillante carreira que só se vería truncada anos máis tarde por unha cruel enfermidade, o que nunca lle impediu impartir clases particulares na súa casa. Aínda que non tiña intención de exercer a docencia do canto, fíxoo por motivos circunstanciais: deixara de cantar ós corenta e un anos. Gustáballe moito este labor, malia non poder dedicarse con plenitude (tiña poucos alumnos). Empezou a desenvolvela con gusto, xa que dita actividade lle permitía "estar dentro do canto, dentro da música", segundo opinión do seu esposo.

Ángeles Gulín, a nosa egrexia soprano, viu a luz na vila ourensá de Ribadavia en 1939. Recoñecía a falta de axuda dos galegos na súa carreira, pero sentíase galega e falaba galego: "¡Pois claro que falo galego! ¿E por que non? Fáloo cando podo e a miña filla enténdeo ben (*El Ideal Gallego*, 17 de agosto de 1977).

Contaba con oito anos cando a familia marchou vivir a Montevideo. Sabemos



Ángeles Gulín como Elena de *I vespri siciliani* (Verdi)

que o pai de Ángeles era director de orquestra. Dende moi nova, ela cantaba na casa cancións de diversos estilos. Un día, o seu pai preguntoulle se quería estudar canto en serio, e Ángeles contestoulle que si. Cultivou a afección escoitando as gravacións da radio e axiña seu pai comezou a ensinalle técnica vocal, con base no método de Manuel García (creador dunha escola de canto española) nunhas sesións de traballo longas e duras. Os consellos paternos servíronlle de moito (trataba a voz como un instrumento) pero ela desexaba unha formación máis ampla. A súa mestra no conservatorio, Carlota Bernard, sería o segundo e definitivo apoio técnico. Axudoulle a perfeccionarse vocalmente e mesmo coa lingua alemana. A ela deberalle Ángeles Gulín o seu debut en Montevideo. Debutou nunha sala de concertos da capital uruguiaia interpretando o papel da Raíña da Noite nunha versión de concerto da *Frauta máxica*. A súa andaina profesional encarrilouse polo camiño da soprano coloratura: en 1963 cantou no Teatro Sodre da radiotelevisión daquel país a zarzuela *Doña Francisquita*, e no Teatro Solís as óperas *Marina* e *Maruxa*. Precisamente nos ensaios desta obra coñeceu ó que máis tarde sería o seu esposo, o barítono Antonio Blancas. Non serán estes os compromisos vocais polos que Ángeles Gulín merecerá un lugar destacado na historia da ópera, xa que a súa voz evolucionou ata abordar personaxes dramáticos como *Aida*, *Gioconda*, *Turandot*, *Manon Lescaut*, etc., sen esquecer outros máis líricos, como *Mimi* de *La Bohème*. En 1963 casou con Antonio Blancas, xuntos viaxaron a España e, en 1965, instaláronse en Alemaña, onde veu ó mundo a súa filla Ángeles Blancas Gulín, que andando o tempo se converteu en toda unha realidade no eido do *bel canto*. Os comezos foron moi duros: traballaban en fábricas e loitaron por seguir adiante no mundo do canto. Gracias ó triunfo nun concurso de canto de Múnic, Blancas sería contratado pola Ópera de Düsseldorf e Ángeles tamén, dous anos máis tarde.

En 1968 ela mesma saíra gañadora, de xeito esmagador, no concurso de voces verdianas celebrado en Busseto. Alemaña e Italia, dous importantes países na carreira dun cantante lírico, estaban ós seus pés a partir destas experiencias. Volverá ó continente americano en 1969, da man da American Opera Society, como Marta da ópera *Tiefland*. O Covent Garden de Londres acollerá o seu bo facer na representación de *Un ballo in maschera* en 1975, e sete anos máis tarde fará o propio no Metropolitan de Nova York con *Les vêpres siciliennes*.



Longa foi a súa relación artística coa produción operística de Giuseppe Verdi: dende os seus comezos como soprano coloratura con *Rigoletto* ata as heroínas das óperas *Aida*, *Nabucco* e *Trovatore*, pasando por obras menos coñecidas como *Oberto, conte di San Bonifacio* (Boloña) ou *Stiffelio*. Con esta última obra, Ángeles Gulín comparte cos seus compañeiros de reparto o mérito de ter participado na primeira produción que dela se fixo no século XX (Parma, 1968). Francisco José

Alcántara (El Ideal Gallego) valoraba así á nosa soprano en relación coa música de Verdi: “a nosa Gulín ten todo o que pide Verdi” (9 de agosto de 1970) e “unha cousa é certa: a súa voz arrebatada, imponse, esmaga e, sobre todo, é verdiana polo seu poder, polos seus tránsitos arrebatados e dificilísimos do agudo ó grave, ata polas súas mesmas destemperanzas apaixonais, de enorme efecto nun personaxe como Abigail” (11 de agosto de 1970). Tamén abordou o repertorio verista, encarnando ás protagonistas das máis importantes óperas de Puccini xunto a outras como Maddalena de *Andrea Chénier* ou a Santuzza de *Cavalleria Rusticana*.

En España cantou nos principais coliseos do Estado: o Liceo, o Teatro Real, o Teatro da Zarzuela, no que estreará, xunto a Plácido Domingo, a ópera *El poeta* de Moreno Torroba (1980). Non podemos omitir as súas exitosas representacións no Festival de Ópera da Coruña, onde debutou con *Simon Boccanegra* en 1969. Volvería a Marineda en repetidas ocasións durante a década dos setenta e os primeiros anos dos oitenta. Teatros tan importantes como Covent Garden, Metropolitan ou Roma aplaudiron os seus éxitos. Un *Mefistofele* de Boito cantado con Caballé e o baixo Eugeny Nesterenko foi o broche de ouro da súa traxectoria. Nun nobre xesto de compañeirismo e xenerosidade, xa retirada da escena, quixo aportar a súa voz á homenaxe que recibiu o tenor Pedro Lavirgen no Monumental de Madrid cantando “La vergine degli angeli” de *La forza del destino*. A súa carreira durou quince anos: foron, en palabras de Antonio Blancas, “quince anos de dura loita”. Probablemente “a forza do destino” non lle fixo toda a xustiza que merecía por propio dereito; por iso é a miña intención, desde estas liñas, lanzar un “¡brava!” e unilo ós que, sen dúbida, escoitou ó longo da súa vida como cantante. Pido para ela, igual que na ópera de Verdi, unha pregaría: que “la vergine degli angeli vi copra del suo manto, e voi protenga e vigile di Dio l’angelo santo”.

